





RÍO ULLA EN BELMIL

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2017



Distancia: 2 km (ida e volta)

Dificultade: media



O Ulla, despois de pasar encaixado polas torrentas de Mácara, entre Pambre e Frádegas, ábrese entre Agolada e Santiso para volver logo a estreitarse e facer camiño entre paredes rochosas antes de deixar de correr ao ser retido polo encoro de Portodemouros.

O curto tramo por debaixo da parroquia de Belmil, entre o rego do Porto e o rego de Belmil, no que o nivel da auga sobe e baixa coas choivas e coa altura do encoro, acolle espazos nos que a corrente pueu e esculpeu as rochas creando nelas curiosas formas e un par de pequenos saltos que se ven ou se deixan de ver segundo as enchentes; nunha contorna natural na que medran as sobreiras, ás que na zona se lle aproveita a cortiza, carballos, rebolos, salgueiros e freixos -aínda que tampouco faltan plantacións de piñeiros e eucaliptos- con mato de toxos, breixos, xestas e carpazas; onde tamén podemos ver aves das ribeiras, do mato e das árbores, ras e numerosos insectos propios dos medios acuáticos.

O espazo permite unha camiñada curta, pero non doada, por terreo irregular e con pedras.

PERCORRIDO

Chegados a Belmil collemos cara á Pedreira e pasando polo lugar e seguindo as pistas con piso de grava, e as máis pisadas, baixamos o máis dereito posible cara ao río. Nun cruzamento xa preto, aínda que bastante por enriba da auga que se sente en baixo, deixamos o coche e ao pouco de andar polo camiño xa atopamos carreiros polos que os que gustan dos baños nas pozas, e os pescadores, baixan ao río, logo o carreiro sube e baixa pola beira seguindo o nivel da auga e a necesidade de superar os distintos obstáculos do terreo ata chegar ao punto onde o río deixa de correr, o lugar onde a auga do encoro retén todo o que baixa pola corrente, no que rematamos a viaxe. A volta faise polo mesmo sitio da ida ata un punto, nun lugar de forte desnivel, no que un carreiro sube ata un camiño abandonado polo que é doado volver ao principal e ao punto de inicio do percorrido.

